

# Indicadores de innovación

Resumo de resultados 29/09/2023

## Índice

Introdución.....	1
Recursos humanos.....	2
Financiamento.....	4
Investimentos de empresa .....	5
Innovadores .....	5
Efectos económicos.....	7

## Introdución

A actividade estatística Indicadores de innovación ten como principal obxectivo calcular para Galicia unha serie de indicadores incluídos nos Marcadores da Unión pola Innovación (European Innovation Scoreboard 2023) recompilados pola Comisión Europea para os países membros da Unión Europea.

No cálculo dos indicadores para a Comunidade Autónoma de Galicia utilizouse a información procedente de:

- Enquisa sobre a innovación nas empresas elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE)
- Estatística sobre actividades de I+D (INE)
- Enquisa de poboación activa (IGE/INE)
- Oficina española de patentes e marcas


## Recursos humanos

No ano 2022 o 52,5% dos galegos de entre 25 e 34 anos contaba cun nivel de formación de educación terciaria. Este indicador sitúase 2 puntos porcentuais por riba do valor de España e 10,5 puntos por riba da media da UE-27.

O indicador de Formación permanente, calculado como a porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos que participou nunha actividade formativa, chega ao 15,9% en Galicia no ano 2022. Esta cifra é 0,6 puntos superior á do conxunto de España e 4 puntos por riba da media da UE-27.

### Poboación de 25 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria


*Unidade: porcentaxes (%)*



*Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))*

## Formación permanente

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))




## Financiamento

No tocante ao gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) en relación ao produto interior bruto (PIB) Galicia e España atópanse porbaixoda media europea. No ano 2021 o gasto interno en I+D en Galicia representaba o 1,1% do PIB galego fronte ao 1,41% en España e ao 2,25% na UE-27.

### Gasto en I+D en relación ao PIB

*Unidade: porcentaxes (%)*



Fonte: IGE. *Indicadores de innovación* ([descarga da táboa](#))



## Investimentos de empresa

### Gasto en innovación non de I+D como porcentaxe da cifra de negocio total

Unidade: porcentaxes (%)

Tempo	Unión Europea 27 (desde 2020)	España	Galicia
2012	0,76	0,31	0,70
2014	0,77	0,36	0,57
2016	0,86	0,42	0,51
2018	0,90	0,59	0,62
2020	0,80	0,56	0,40

Fonte: IGE. *Indicadores de innovación* ([descarga da táboa](#))

Nesta táboa móstrase o gasto das empresas en innovación non de I+D como porcentaxe da cifra de negocios. Varias das compoñentes do gasto en innovación, como o investimento en equipamento e maquinaria e a adquisición de patentes e licenzas, miden a difusión de novas ideas e tecnoloxías de producción.

No seu cálculo non se inclúen os gastos internos e externos en I+D. En 2020, último ano para o que dispoñemos de datos para Galicia, as empresas de 10 ou máis asalariados con sede social en Galicia gastaron o 0,40% da súa facturación en actividades de innovación non de I+D. No caso de España e a UE-27 a porcentaxe situouse no ano 2020 no 0,56% e 0,80% respectivamente.

## Innovadores

A innovación de produtos é clave para a innovación, xa que poden crear novos marcadores e mellorar a competitividade. Unha maior proporción de innovacións de produtos reflicte un maior nivel de actividades de innovación.

No ano 2020 o 14,63% das PEEMEs con sede social en Galicia introduciron un produto ou proceso novo ou significativamente mellorado. A media española nese mesmo ano foi de 17,87% e a da UE-27 foi 26,97%.

Por outra banda, moitas empresas innovan non mellorando novos produtos, senón mellorando os seus procesos de negocio. As innovacións en procesos de



negocio inclúen as innovacións en procesos, márketing e organización. No ano 2020, o 24,48% das pequenas e medianas empresas con sede na comunidade autónoma innovaron en organización ou márketing.

### **PEMEs innovadoras en produto como porcentaxe de PEMEs**

*Unidade: porcentaxes (%)*

<b>Tempo</b>	<b>Unión Europea 27 (desde 2020)</b>	<b>España</b>	<b>Galicia</b>
2012	22,61	9,65	8,43
2014	22,23	10,35	10,17
2016	24,18	10,34	9,18
2018	28,73	13,80	12,50
2020	26,97	17,87	14,63

*Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))*

### **PEMEs innovadoras en procesos de negocio como porcentaxe de PEMEs**

*Unidade: porcentaxes (%)*


<b>Tempo</b>	<b>Unión Europea 27 (desde 2020)</b>	<b>España</b>	<b>Galicia</b>
2012	33,75	24,58	26,14
2014	32,26	26,92	27,66
2016	35,13	28,18	28,60
2018	39,99	22,92	19,98
2020	41,60	26,06	24,48

*Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))*

## Efectos económicos

### Emprego en actividades de coñecemento intensivo como porcentaxe do emprego total

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))

As actividades de coñecemento intensivo proporcionan servizos directamente aos consumidores, por exemplo as telecomunicacións, e inputs ás actividades innovadoras doutras empresas no conxunto de sectores da economía.

Na gráfica móstrase a porcentaxe de emprego en actividades de coñecemento intensivo, onde máis do 33% do emprego posúe unha titulación superior, como porcentaxe do total de emprego. En 2022 o 11,4% dos ocupados galegos desenvolvían a súa labor en actividades de coñecemento intensivo. Esta porcentaxe é 0,6 décimas superior á rexistrada no 2021 (10,8%).



## Vendas de produtos novos para o mercado ou para a empresa como porcentaxe da cifra de negocio

*Unidade: porcentaxes (%)*

Tempo	Unión Europea 27 (desde 2020)	España	Galicia
2012	13,13	14,34	14,14
2014	12,12	15,94	20,52
2016	12,45	19,32	15,79
2018	11,60	16,11	11,09
2020	13,12	21,74	22,49

*Fonte: IGE. Indicadores de innovación ([descarga da táboa](#))*

Este indicador mide a porcentaxe das vendas correspondente a produtos novos (para a empresa ou o conxunto do mercado) ou significativamente mellorados. O indicador captura tanto a creación de tecnoloxías punteiras (produtos novos para o mercado) coma a difusión destas tecnoloxías (produtos novos para a empresa).

Para o ano 2020 o 22,49% da cifra de negocios das empresas de 10 ou máis asalariados e con sede social en Galicia correspondía a vendas desta tipoloxía. En 2020 en España esta porcentaxe era do 21,74% e a media da UE-27 do 13,12%.

---

**Para más información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>